



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de outubro de dous mil quince; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trece de outubro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, denuncia da Policía Autonómica de vehículo abandonado na estrada OU-801.

- Da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, achegando informe denuncia por suposta infracción da Lei de Protección de animais domésticos por carecer de identificación obrigatoria con microchip, da cartilla sanitaria e de vacinas.

- Da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, circular nº 10/2015 sobre requisitos sanitarios dos establecementos destinados á velación de cadáveres.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº8/15.-



“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº8/15, por importe de 115.363,73 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.